

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Area Carracedo, Iván
Cabeza Pereiro, M^a Carmen
Cidrás Pidre, José
Fernández Pulpeiro, Ana
Gago Rodríguez, Alberto
Gálvez Gálvez, Juan Francisco
García Mateo, M^a Del Carmen
García Pino, Antonio
González Pillado, Esther M^a
Hernández Sánchez, Jesús
Membriela Iglesia, Pedro
Montero Muñoz, María
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel
Vázquez ●teror, María Elsa

DECANOS/DIRECTORES:

Garrido Valenzuela, Irene
González Piñeiro, Luis
Iglesias Antelo, Beatriz
Lorenzo Suárez, Anxo M
Mejuto Fernández, Juan Carlos
Ortiz Torres, Luis
Pereira Domínguez, Alejandro
Pousada Carballo, José María
Vidal Vázquez, Ricardo
PDI-A:

Blanco Pesqueira, Antonia
Domínguez Martín, Jorge
Garriga Domínguez, Ana
Legido Soto, José Luis
Liz Marzán, Luis Manuel
Ramos Cabrer, Manuel
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier
PDI-B:

Rodeiro Iglesias, Javier
ESTUDANTES:

Fariñas Valiña, Iago
Puga Alonso, Javier
Riobó Fernández, Aída
Rios Curras, Moisés

PAS:

Bernal Gómez, Rosa
Cebro Rodríguez, Xoán Manuel
Mollinedo Lois, Carlos
CONSELLO SOCIAL
Pérez Mato, Federico

DESCULPAN ASISTENCIA

López Atrio, María Laura
Martínez Insua, Ana Elina
Varela Martínez, Iago
Vivas Martínez, Carlos

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 26 de xaneiro de dous mil nove, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O luns, día 26 de xaneiro de 2009, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 18 de decembro de 2008.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, dos criterios e procedemento de promoción ao corpo de catedráticos de universidade.
4. Resolución do recurso de alzada presentado por D. José M^a. Lanaja del Busto contra o acordo do Consello de Departamento de Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente, de 14 de abril de 2008.
5. Resolución do recurso presentado polo profesor D. Rafael Barrionuevo Giménez contra o “Mestrado universitario de tecnoloxía medioambiental”.
6. Aprobación, se procede, de premios extraordinarios de fin de carreira e de doutoramento.
7. Aprobación, se procede, do Plan operativo de xestión de xerencia.
8. Aprobación, se procede, dos Criterios de avaliación da produción científica aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2008.
9. Aprobación, se procede, das convocatorias de Extensión Universitaria do ano 2009: accións participativas e asociacionismo, actividades extraacadémicas e de difusión cultural, cursos e obradoiros.

10. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio para a codirección de teses de doutoramento coa Universidade Degli Studi di Salerno (Italia) – Convenio de colaboración coa Universidade da República (Uruguai) para o intercambio de estudantes – Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a

Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o reparto do fondo de apoio á investigación do exercicio 2008 – Convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para promover a intensificación da actividade investigadora – Convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento dos servizos xerais de apoio á investigación – Convenio de colaboración coa Consellería de Traballo, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e o Consello Superior de Investigacións Científicas para o desenvolvemento do programa “Empresa-concepto” 2008-2010.

11. Elección para cubrir unha praza vacante do sector de estudantes na Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.
12. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de planificación e asuntos económicos (1 membro do Consello Social).
13. Rogos e preguntas.

Punto 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 18 de decembro de 2008.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

En primeiro lugar, informa do nomeamento como vicerreitora de Investigación de Dna. Elsa Vázquez Otero, profesora titular de Zooloxía, do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Mariña, da Facultade de Ciencias do Mar, que substitúe no cargo a D. Manuel Reigosa Roger e o seu nomeamento ten efecto desde o pasado día 8 de xaneiro. A nova vicerreitora está presente xa neste primeiro Consello de Goberno de 2009.

En segundo lugar, informa do nomeamento como directora da Área de coordinación e estudantes do campus de Ourense de Dna. Susana Reboreda Morillo, profesora titular de Historia Antiga, do Departamento de Historia, Arte e Xeografía, da Facultade de Historia. Este cargo non é de nova creación, pero permanecía sen cobertura desde fai algún tempo.

En terceiro lugar, informa da recepción, o pasado 9 de xaneiro, dos “Acuerdos del Consejo de Ministros sobre ingenierías”, referidos á definición das distintas profesións reguladas de enxeñeiro. Establécese a vinculación entre os novos títulos de grao e a profesión de enxeñeiro técnico, e os novos títulos de mestrado e a profesión de enxeñeiro. Polo que a esta Universidade respecta, as profesións reguladas de referencia son :

a) Para o grao:

- Enxeñeiro Técnico Agrícola
- Enxeñeiro Técnico Forestal
- Enxeñeiro Técnico Industrial

- Enxeñeiro Técnico de Minas
- Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación.

b) Para o mestrado:

- Enxeñeiro Agrónomo
- Enxeñeiro Industrial
- Enxeñeiro de Minas
- Enxeñeiro de Montes
- Enxeñeiro de Telecomunicación

Estes acordos atópanse en fase de Comisión económica interministerial, antes da súa conversión nas correspondentes ordes ministeriais. O que se necesita recibir agora é o texto definitivo das fichas de contidos que foron avanzadas en xullo. O seu envío foi comprometido “con prontitude” pola Dirección Xeral de Universidades, aínda que non se agardan cambios importantes sobre o coñecido ata agora.

Cree, polo tanto, que se esta en condicións de pórse a traballar na reforma dos plans de estudo de enxeñaría. A vicerreitora convocará a pertinente xuntanza de ámbito, que dará inicio á creación posterior das Xuntas de Titulación e ao proceso de reforma xa establecido na primeira tanda de títulos actualmente en proceso de verificación.

Informa tamén que o vindeiro venres, día 30 de xaneiro, se celebrará no Salón da Actos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais a festividade de Santo Tomé de Aquino, na que se fará entrega dos premios de licenciatura e doutoramento da Universidade de Vigo correspondentes ao curso 2007/08. Invita e anima a todos os membros do Consello de Goberno a que participen dos actos desta festividade, que comezarán ás 12:00 horas do citado día 30.

Seguidamente, cede o reitor a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen informa sobre o estado da tramitación da memoria de plano de estudos do mestrado vinculado á profesión regulada pola LOE de “Profesor de educación secundaria obrigatoria, e bacharelato, formación profesional e ensinanzas de idiomas”.

Inicialmente estaba prevista a tramitación deste mestrado co resto de mestrados que a Universidade presentou á verificación en decembro pasado. Isto non puido ser posible por non estar asinado un protocolo ou convenio entre a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria e cada universidade galega para a posta en marcha do practicum do devandito mestrado. Este documento fixa a oferta de prazas de practicum en centros públicos de educación secundaria e a súa distribución por especialidades. O número de prazas de practicum fixa por tanto o límite de prazas do mestrado.

Ante a publicación pola ANECA dun documento onde literalmente se di que:

“La puesta en marcha de este mecanismo (establecemento dunha comisión ad-hoc para a verificación deste tipo de mestrado), permitirá garantizar que las solicitudes de

verificación que se reciban antes del 15 de febrero de 2009 puedan implantarse en el curso 2009/10”, reanudáronse o 12 de xaneiro as reunións da comisión mixta Consellaría-universidades do SUG co obxectivo de fixar todos os aspectos necesarios para que as universidades galegas sexan quen de presentaren a solicitude antes do 15 de febreiro. Desde a Consellaría entón fixéronse para o curso 2009/10, 200 prazas de practicum para cada universidade galega distribuídas en seis especialidades.

Especialidades do mestrado	Nº alumnos/as
1. Ciencias Experimentais, Matemáticas, Tecnoloxía, Educación Física	73
2. Ciencias Sociais e Humanidades	31
3. Formación Profesional	13
4. Linguas e Literaturas	72
5. Artes	6
6. Orientación	5
Total prazas: 200	

Pola súa parte a Comisión académica deste mestrado na Universidade de Vigo completou a memoria que xunto co borrador do protocolo coa Consellaría está xa en exposición pública na web da Universidade. De cara a informar a toda a comunidade universitaria, e antes da aprobación da memoria definitiva polos centros de adscrición, a vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea realizará sesións informativas nos tres campus: os días 29 e 30 de xaneiro en Pontevedra e Vigo respectivamente, e o día 2 de febreiro en Ourense. A previsión é que este mestrado se presente para a súa aprobación, se procede, no próximo Consello de Goberno que terá que ser antes do 15 de febreiro.

Punto 3. Aprobación, se procede, dos criterios e procedemento de promoción ao corpo de catedráticos de universidade.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que durante un período de aproximadamente 5 anos, en que estivo en vigor o sistema de habilitación nacional para acceso a prazas dos corpos docentes universitarios, 14 profesores da Universidade de Vigo promocionaron á cátedra. A Universidade aplicou unha norma non escrita de facilitar a promoción a todos os profesores habilitados. Tratábase dun sistema extremadamente competitivo no que o límite de prazas dependía da demanda do conxunto das universidades.

O novo sistema de acreditación nacional, establece un marco ben distinto. O novo sistema fai depender o número de persoas acreditadas exclusivamente dos méritos dos solicitantes, e non da demanda global de prazas polas universidades. Nos últimos 5 meses desde que comezaron a resolverse as solicitudes de acreditación nacional, temos constancia de que acadaron a mesma para o corpo de catedráticos de universidade un total de 9 profesores ou profesoras da Universidade de Vigo. Por unha banda, a Universidade está

interesada en facilitar a promoción ao seu PDI acreditado; por outra necesita, por razóns orzamentarias, controlar o alcance global do proceso, tendo en conta tanto os criterios de porcentaxe de catedráticos no cadro de persoal como os méritos do persoal acreditado.

A COAP deu xa informe favorable para saída a concurso de tres prazas atendendo ao criterio marcado polo Claustro de facilitar a promoción a todo acreditado ou acreditada con tres sexenios, pero solicitou que o Consello de Goberno se pronunciara cun criterio xeral para aplicar nos demais casos.

Para non demorar máis as expectativas de promoción do profesorado acreditado, tráese a Consello de Goberno unha proposta concreta que sirva de guía á COAP para emitir os seus informes:

Establécese un criterio de promoción automática cando a área de coñecemento non supere a proporción 1 a 3 entre catedráticos e outras figuras con vinculación permanente. Ratifícase o criterio establecido polo Claustro de tres sexenios, facendo constar que non interferirá co criterio anterior. Establécese tamén a posibilidade de que a Universidade poda ampliar a oferta de cátedras cunha convocatoria anual condicionada a dispoñibilidade orzamentaria.

Finalmente descríbese o procedemento, que reproduce o sistema actual: aprobación da praza polo departamento, informe da COAP, aprobación, se procede, polo Consello de Goberno e nomeamento posterior do tribunal na COAP. A raíz dalgunhas preguntas suscitadas, o propio vicerreitor suxire unha modificación do texto, en concreto do apartado 1 A), que quedaría do seguinte xeito: “Promoción directa por plantilla. A promoción de profesorado acreditado a CU será facilitada de xeito automático considerando como referencia que o 25% das prazas con vinculación dunha área poidan ser de catedrático de universidade”.

Intervén o Prof. Berrocal para preguntar que se entende por prazas con vinculación permanente á universidade. O vicerreitor resposta que: catedrático de universidade e de escola universitaria, titular de universidade e de escola universitaria e contratado doutor.

Apróbase por asentimento o texto que se recolle no **anexo I**.

Punto 4. Resolución do recurso de alzada presentado por D. José M^a. Lanaja del Busto contra o acordo do Consello de Departamento de Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente, de 14 de abril de 2008.

Están invitados o Prof. José M^a. Lanaja e o director do Departamento de Enxeñaría de Recursos Naturais e Medio Ambiente, D. Javier Taboada.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se trata dun recurso presentado polo Prof. Lanaja contra o acordo de Consello de Departamento de Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente, de 14 de abril de 2008 no que se aproba o POD do curso 2008/09. Neste recurso o recorrente solicita a anulación do POD aprobado por considerar que se incumpre o procedemento para o reparto de docencia entre os docentes do Departamento

en canto non se respectan os criterios de prelación de xerarquía entre corpos docentes e antigüidade, establecidos pola xurisprudencia.

O informe da Asesoría Xurídica parte da consideración de que non existe na normativa da Universidade ningunha norma que imponha a aplicación dos criterios de prelación e antigüidade para o reparto de docencia, senón que é o Departamento o órgano soberano para establecer o criterio de reparto. No que respecta ao Departamento de Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente, existe un criterio, votado maioritariamente na sesión do Consello de Departamento de 2 de maio de 2000, de seguir a proposta de docencia votada maioritariamente en cada área. Este criterio non só foi consentido polo Prof. Lanaja senón incluso defendido por el mesmo de forma expresa como consta en varias actas do Consello de Departamento. Deste xeito, tendo en conta que o reparto da docencia no curso académico 2008/09 se fixo de acordo con ese criterio, o Prof. Lanaja estaría actuando contra os seus propios actos e contra o acordo adoptado na sesión de Consello de Departamento de 2 de maio de 2000.

Por todo o anterior, a proposta que se fai a este Consello de Goberno é a desestimación do recurso.

Intervén o Prof. Lanaja para manifestar o seu desacordo coa proposta que se fai desde a mesa en canto tanto nos seus anos como profesor en Madrid como aquí, sempre de forma tácita se asumiu o criterio de reparto baseado na xerarquía e antigüidade, de xeito que era el quen elixía a docencia en primeiro lugar. A maiores alega que o Departamento non ten Regulamento de réxime interno onde se recolla outro criterio distinto.

Seguidamente, o director do Departamento ratifica que efectivamente, tal como se recolle no informe de Asesoría Xurídica, o acordo de reparto da docencia entre os profesores do departamento, se reitera desde o ano 2000.

A secretaria xeral reitera a proposta de desestimación do recurso.

Procédese a votación.

- Votos a favor da desestimación do recurso: 17.
- Votos en contra da desestimación do recurso: 3.
- Abstencións: 13.

Apróbase por maioría a desestimación do recurso.

Punto 5. Resolución do recurso presentado polo profesor D. Rafael Barrionuevo Giménez contra o “Mestrado universitario de tecnoloxía medioambiental”.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se trata dun recurso de alzada presentado polo Prof. Barrionuevo contra a aprobación do “Mestrado universitario de tecnoloxía ambiental”.

O recorrente solicita o cambio de denominación do mestrado e a modificación dos criterios establecidos para a admisión do profesorado para impartir docencia no mesmo.

A este respecto, o informe de Asesoría Xurídica acepta a argumentación da vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea que informa que o mestrado foi aprobado polo Consello de Goberno de 18 de decembro de 2008, cumpríndose todos os requisitos previstos na normativa vixente. Este mestrado procede da transformación do programa de doutoramento “Tecnoloxía medioambiental” que leva impartíndose co mesmo nome e de xeito ininterrompido desde o curso 1997/98, sendo o seu responsable o Departamento de Enxeñaría de Recursos Naturais e Medio Ambiente” (programa con mención de calidade). E que o Departamento é o órgano competente para establecer as normas e os criterios de asignación de docencia nas ensinanzas de doutoramento. No que respecta a súa denominación, non hai ningunha normativa que impida que o nome dun título oficial coincida co nome dunha área de coñecemento. Nin norma que vincule títulos con áreas.

Polo tanto, o mestrado carece de defectos xurídicos e a proposta que se fai a este Consello de Goberno é desestimar o recurso presentado polo Prof. Barrionuevo.

Apróbase por asentimento a desestimación do recurso.

Punto 6. Aprobación, se procede, de premios extraordinarios de fin de carreira e de doutoramento.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala, no que respecta aos premios extraordinarios de fin de carreira, que se trata da aprobación do listado dos premiados propostos pola Xunta de Centro de cada titulación de acordo co previsto no Regulamento de premios extraordinarios de fin de carreira.

Apróbase por asentimento o listado de premiados que consta no **anexo II**.

Cédese a palabra a secretaria xeral quen expón que, no relativo aos premios extraordinarios de doutoramento, trátase de aprobar a asignación de premios extraordinarios de doutoramento propostos polas correspondentes comisións e remitidos pola Comisión de estudos de posgrao.

Apróbase por asentimento o listado de premiados que consta no **anexo III**.

Punto 7. Aprobación, se procede, do Plan operativo de xestión de xerencia.

O Sr. Cebro suscita unha cuestión de orde previa ao inicio da exposición do punto, en canto pide aclaracións de como é posible que antes da aprobación do Plan operativo de xestión de xerencia, se saque un concurso para un Plan que aínda non está aprobado.

O reitor resposta que suscite esta cuestión en rogos e preguntas.

Cédese a palabra á xerente da Universidade quen antes de expor o contido concreto do Plan operativo de xestión que consta no **anexo IV**, agradece a todos os que teñen traballado con moito esforzo para poder presentalo hoxe.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Cebro quen o fai como presidente da Xunta Persoal. Insiste o Sr. Cebro no feito de que se trae para a súa aprobación un Plan operativo de xestión o día 26 de xaneiro de 2009 e se sacan prescricións técnicas cun orzamento de 71.000 euros a 31 de decembro de 2008. E case todo o que aparece recollido no Plan operativo de xestión está xa plasmado nas prescricións técnicas.

O Sr. Cebro fai referencia tamén á contratación de persoal para Toralla, que se fixo fóra de RPT.

Seguidamente refírese a que a xerente fala de participación do persoal, cando o que se presenta son unha serie de accións que se fan desde Xerencia. Considera que se está máis preto dun conflito que de participación. Pide que se retomen as negociacións e que se cumpran os regulamentos vixentes na Universidade e os acordos entre as xerencias anteriores e os órganos de representación do persoal. Alega que se incumpren os regulamentos aprobados en Consello de Goberno e Claustro e pon como exemplo que se sacan cursos de formación sen pasar pola correspondente comisión, en contra do que di o regulamento. Confía en que a día de hoxe, que están preto dun conflito coa Universidade, se retomen as negociacións. Pregunta á xerente se cree que se está en condicións de cumprir os obxectivos contidos no Plan operativo de xestión que se presenta ante o Consello de Goberno. Fai referencia ao custo de 700.000 euros que supón o grupo xerencial mais as contratacións externas e pregunta, á vista do gasto que supón este Plan operativo de xestión, quen asumirá as responsabilidades se os obxectivos non se cumpren. Solicita que se traian a este Consello de Goberno os resultados do Plan operativo de xestión. Reitera a súa petición de negociación.

A xerente inicia a súa intervención alegando que ten recollidas todas as reunións tidas para negociar sobre os distintos temas e en 2008 son un total de 47, máis de 28 coa Comisión paritaria. Isto demostra que a súa predisposición para negociar todos os temas é clara. Por primeira vez en moitos anos a Comisión de emprego se ten reunido, unha vez constituída, o mesmo que a Comisión de formación que levaba anos sen contido real, mentres que agora todos os cursos que se convocan pasan por esta Comisión. Reitera a súa disposición a negociar calquera tema e alega que nunca se negou a sentarse a negociar cos representantes do conxunto dos traballadores e como mostra presenta o conxunto de reunións mantidas. Pon como exemplo desas negociacións o acordo acadado en relación á RPT, o concurso de traslados que se está executando e as convocatorias de promoción para PAS funcionario.

Refírese tamén ao concurso convocado, alegando que está sen adxudicar á espera do que ocorra hoxe con Plan operativo de xestión, co obxectivo de ir avanzando.

Aclara que a súas accións teñen unha clara orientación ao servizo público e que se está actuando como outras universidades. Con este Plan operativo se está desenvolvendo o Plan estratéxico da Universidade.

En canto ao cumprimento dos obxectivos, os mesmos son claros e poderá avaliarse se os mesmos se cumpren ou non e, de ser o caso, poderán facerse as alegacións necesarias. Mostra a súa disposición a dar conta ao Consello de Goberno do grao de cumprimento do Plan. Con este Plan se poñen a disposición da Universidade os retos e compromisos da xestión da mesma. Alega que foi difícil chegar ata aquí, pero o máis complicado será a implantación que haberá que facer agora. Entende que os obxectivos do Plan son ambiciosos pero factibles.

A vicerreitora de Investigación aclara que as 8 prazas para ECIMAT se convocaron con financiamento para agrupamento de grupos da Dirección Xeral de Universidades da Xunta de Galicia e son persoas que se contratan como en calquera outro grupo de investigación.

O Sr. Cebro replica que as contratacións son para consolidación estrutural.

O reitor sinala que as prazas son para consolidación estrutural de grupos de investigación, con financiamento da Xunta de Galicia para agrupamento de grupos de investigación, e contratan como calquera outro grupo de investigación.

O Sr. Cebro resposta á xerente que negociou e só se chegaron a dous acordos que interesaban á Xerencia e á Universidade: á RPT, á que se chegou por presións e, no relativo ao concurso, recorda que está recorrido nunha das bases. Entende que a Xerencia negocia pero sen chegar a acordos e sen respectar o Regulamento de PAS e de formación. Reitera a súa petición de que se negocie, que se respecte ao persoal e que se cumpran todos os regulamentos e acordos.

O Prof. Pereira manifesta que o Plan operativo de xestión está ben elaborado, pero bota en falta falar de calidade. O organigrama que se presenta é profundo pero considera que habería que apoiar as estruturas básicas de docencia e de investigación.

A xerente inicia a súa intervención coa resposta ao Prof. Pereira sinalando que no Plan existen círculos de calidade e de mellora. O obxectivo inmediato é elaborar o Plan de calidade para o que se creará o Comité de calidade. Por outra banda sinala que se recollen no Plan oito grandes obxectivos operativos cada un deles cun responsable e a docencia e investigación son dous obxectivos centrais.

Seguidamente resposta ao Sr. Cebro indicando que a Xerencia cumpre o Regulamento de formación en canto se está traballando coa Comisión de formación e se está facendo un borrador que se presentará para a súa discusión. Reitera a súa disposición a negociar.

O reitor fai unha reflexión final sinalando que desde que el está en Consello de Goberno, en 2002, esta é a primeira vez que se fala en serio destas cuestións. El como reitor está implicado nun proceso de modernización da xestión. Entende que o Plan que se presenta é ambicioso, e pregunta se hai no Plan algún obxectivo que deba ser eliminado, porque se non é así, debería seguirse por este camiño.

O Sr. Cebro intervén para sinalar que como están as cousas agora non se cumprirá nin o 40% do Plan en canto non haberá participación da Xunta de PAS.

Procédese a votación do Plan operativo de xestión.

- Votos a favor: 24.
- Votos en contra: 2.
- Abstencións: 11.

Apróbase por maioría.

Punto 8. Aprobación, se procede, dos Criterios de avaliación da produción científica aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2008.

Cédese a palabra á vicerreitora de Investigación quen expón que a proposta, consensuada na Comisión de investigación, supón manter os mesmos criterios ca mesma puntuación excepto nos apartados:

3.- Artigos ou traballos de investigación publicados en revistas.

Neste apartado proponse:

	2007	2008
Aumentar editor xefe revista ISI	2	10
Incluír co-editor, editor asociado, editor rexional en revista ISI	---	5
Incluír membro do consello de redacción en revista ISI	---	1
Aumentar editor xefe revista B	1	5
Incluír co-editor, editor asociado, editor rexional en revista B	---	2,5
Incluír membro do consello de redacción en revista B	---	0,5
Incluír editor xefe revistas tipo C	---	1
Incluír editor xefe revistas tipo C	---	0,5

4.- Teses de doutoramento lidas na Universidade de Vigo.

Neste apartado proponse incluír as teses lidas en cotutela: de non seren lidas na Universidade de Vigo daranse 6 puntos pola dirección (a dividir entre os codirectores).

Apróbase por asentimento o texto que se recolle no **anexo V**.

Punto 9. Aprobación, se procede, das convocatorias de Extensión Universitaria do ano 2009: accións participativas e asociacionismo, actividades extraacadémicas e de difusión cultural, cursos e obradoiros.

Cédese a palabra á vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes quen expón os cambios esenciais contidos nas convocatorias de Extensión Universitaria do ano 2009: accións participativas e asociacionismo, actividades extraacadémicas e de difusión cultural, cursos e obradoiros, tal como constan no **anexo VI**. Aprobadas pola Comisión de extensión cultural e estudantes do día 19 de xaneiro.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O Sr. Fariñas en canto aos créditos ECTS que se van dar por estas actividades, pregunta pola equivalencia en horas.

A vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes resposta que se trata de un crédito ECTS por cada 30 horas. Ante iso o Sr. Fariñas pregunta se, tendo en conta as actividades dos alumnos podería chegarse a dous créditos ECTS, ao que a vicerreitora resposta que non.

Debátese sobre o tema, indicando o Sr. Fariñas que a proposta que se fai é pouco xenerosa ao que repostada a vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes que o que se reflicte no texto é o que marca a lei que é considerar que un crédito ECTS supón 25 ou 30 horas de actividade do alumno.

A vicerreitora de Titulacións e Conxerxencia Europea sinala que en relación ao grao, este tema virá ao Consello de Goberno, pero é necesario pensar en global. Trátase de que o alumno adquira competencias, polo tanto o debate debe centrarse en se o curso de que se trate permite ao alumno adquirir competencias propias do seu plan de estudos.

Apróbase por asentimento.

Punto 10. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio para a codirección de teses de doutoramento coa Universidade Degli Studi di Salerno (Italia) – Convenio de colaboración coa Universidade da República (Uruguai) para o intercambio de estudantes – Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o reparto do fondo de apoio á investigación do exercicio 2008 – Convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para promover a intensificación da actividade investigadora – Convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento dos servizos xerais de apoio á investigación – Convenio de colaboración coa Consellería de Traballo, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e o Consello Superior de Investigacións Científicas para o desenvolvemento do programa “Empresa-concepto” 2008-2010.

O Prof. Berrocal pregunta polas partidas incluídas nos convenios coas Consellerías de Innovación e Industria e Educación, se estas se van dedicar a una convocatoria específica ou se van incluír no orzamento.

O reitor contesta que hai dous tipos de convenios: os que van á oficina I+D para certificar gasto e os que se refiren a fondos do Plan de financiamento do Sistema Universitario de Galicia. Estes fondos non están afectados e son para os programas de investigación.

Apróbanse por asentimento.

Punto 11. Elección para cubrir unha praza vacante do sector de estudantes na Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.

A secretaria xeral sinala que non hai candidatos presentados.

Punto 12. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de planificación e asuntos económicos (1 membro do Consello Social).

A secretaria xeral sinala que non hai candidatos presentados.

Punto 13. Rogos e preguntas.

O Prof. Legido solicita que se lle informe sobre as noticias aparecidas en prensa sobre a titulación de empresarias da Universidade da Coruña.

O reitor inicia a súa resposta coa lectura do artigo 3.1 das Liñas xerais para a implantación dos estudos de grao e posgrao no Sistema Universitario de Galicia, documento aprobado por unanimidade no Consello Galego de Universidades (5 de novembro de 2007), formado polos Conselleiros de Educación e Innovación e Industria, os tres reitores, os tres presidentes dos Consellos Sociais das tres universidades e os representantes do Parlamento de Galicia. En concreto, o art. 3.1 sinala que “non poderán autorizarse títulos repetidos, ou cunha alta coincidencia en obxectivos e contidos, nunha mesma universidade. Se se cumpren os requisitos de viabilidade e número mínimo de estudantes, pode contemplarse a autorización de adaptación dos correspondentes graos a un título único con impartición en máis dun campus”.

As tres Universidades aplican esta norma e por iso na nosa Universidade hai unha única Xunta de Titulación en Dereito e en Administración e Dirección de Empresas, e trátase de implantar un mesmo título en dous campus. Tanto Vigo como Santiago estamos aplicando a normativa. Recorda o reitor que esta normativa estivo sometida a consulta de toda a comunidade universitaria, incluída a Escola Universitaria de Estudos Empresariais, e non se fixeron alegacións.

Engade o reitor que se está nun sistema universitario que pasa de 90.000 a 70.000 estudantes e se critica que a masa de titulacións existente non é a axeitada. Chegados a este punto, trátase de reordenar o mapa do Espazo Europeo de Educación Superior, co grao para as ensinanzas básicas e o posgrao para a especialización. O obxectivo é buscar un sistema flexible e non repetido. De aí a previsión que se contén no art. 3.1 das liñas xerais para a implantación do grao e posgrao.

O único problema que se ten suscitado coa aplicación desta normativa é o das Escolas de Empresariais de Vigo e Coruña en canto son centros de moita tradición que se resisten ao cambio. Non se trata dun problema académico, en canto se houbera outra titulación na Escola de Empresariais, como pode ser turismo, non habería problema. Cando chega o momento de aplicar a normativa, se produce unha gran presión, non só dos profesores dos centros, senón tamén a nivel social, sobre todo en Coruña, o que fai que a Consellería de Educación e

Ordenación Universitaria informe, o día 29 de decembro, que se autoriza a remisión á ANECA do título de estudos empresariais, cando inicialmente se acordaba non remitilo, en coherencia co acordo do Consello Galego de Universidades.

En concreto, no Consello Galego de Universidades, a Universidade da Coruña solicita que se analice externamente por expertos se existen ou non coincidencias entre os dous títulos presentados pola mesma (grado en ADE e grao en estudos empresariais), antes da decisión definitiva do propio Consello. Cando se teñan os informes, se decidirá polo Consello Galego de Universidades e o reitor pediu o mesmo tratamento para a Universidade de Vigo. Polo tanto a situación está como estaba antes pero polo medio está a remisión do título á ANECA.

Sinala finalmente o reitor que hai comprometido un Consello Galego de Universidades para debater este tema e se o debate é favorable haberá alguén que poida pedir que se modifiquen as normas.

Debátese sobre a posibilidade de que as normas se poidan modificar e os efectos das mesmas coa intervención do reitor e o Prof. Legido.

Intervén o Sr. Mato quen agradece ao reitor a súa aclaración e entende que a actuación do equipo de goberno foi a correcta. Ante a posibilidade de que cambie a normativa, pregunta se podería ocorrer que a Escola desaparecese e poderían adoptarse medidas para evitalo.

O reitor resposta que unha cousa é a titulación e outra moi distinta a pervivencia dunha estrutura de centro e outra o edificio. Calquera actuación relativa á unha nova titulación tería que ir a Consello de Goberno, Consello Social e Claustro e habería que decidir ademais que Xunta de Titulación é a que debe elaborar o plan de estudos e onde se vai implantar. Polo momento a Universidade de Vigo cumpre a normativa e haberá que esperar a ver que pasa.

O Prof. Rodeiro solicita unha aclaración sobre unha pregunta feita no anterior Consello de Goberno sobre se para facer unha actividade académica no período de exames basta con pedir autorización ao decanato do centro.

A secretaria xeral sinala que os exames deben ser feitos no período aprobado polo Consello de Goberno e dentro das datas aprobadas pola Xunta de Centro do centro de que se trate. Outra situación distinta será en aqueles supostos en que se trate dun proxecto piloto de adaptación ao EEES no que se terá en conta a guía de titulación onde se establecen as actividades que deben facer os alumnos para obter a cualificación final.

Debátese sobre o tema entre a secretaria xeral, o reitor e o Prof. Rodeiro, finalmente suxírese pola secretaria xeral que o Prof. Rodeiro faga a consulta á Secretaría Xeral para que se conteste puntualmente tendo todos os datos sobre o suposto concreto.

O Prof. Rodeiro pregunta polo procedemento que se segue pola Universidade para a cesión da explotación á unha empresa dun servizo.

O reitor resposta que a Universidade, con autorización do Consello Social, cede en uso a parcela, se constrúe e se saca a concurso e quen explota é a concesionaria. En todo este proceso non se pasa por ningún servizo da Universidade.

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea procede a contestar á pregunta realizada polo Sr. Fariñas no Consello de Goberno de 25 de novembro sobre a situación da emisión dos títulos de mestrados, indicando que estanse a expedir con normalidade as certificacións provisionais de título nas respectivas secretarías de alumnos dos centros. De todos os xeitos desde a Sección de posgrao contactouse con todos os centros para que incidisen na información sobre o tema aos coordinadores de mestrados e alumnos. Sen embargo, sinala que non se pode, polo de agora progresar cara afora, co procedemento de emisión de títulos debido a que a Universidade está a espera de recibir instrucións e códigos de títulos de mestrados universitarios da “Subdirección General de Títulos, Convalidaciones y Homologaciones” do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte.

O Sr. Fariñas agradece a contestación e roga que se busque unha fórmula homoxénea para os contidos das certificacións en canto algunhas están en castelán, outras en galego, en algunhas figura programa oficial de posgrao e en outras mestrado.

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea sinala que se ten creada unha comisión interuniversitaria coas Universidades de Santiago e da Coruña para unificar cuestións de xestión académica. Nesta comisión estase a traballar no deseño das certificacións.

Continúa o Sr. Fariñas co rogo de que se adopten as medidas oportunas para evitar que os días de chuvía teña que mollar os pés nos charcos que se forman no camiño que vai desde o aparcadoiro á Reitoría. Por outro lado, recorda ao vicerreitor de Relacións Institucionais que están empezando a chegar os alumnos Erasmus e que deberán facerse os correspondentes actos de benvida. Recorda tamén a conveniencia da edición dun vídeo sobre o EEES xunto co Consello Social e que sería interesante gravar as charlas que sobre este tema se están levando a cabo nos centros polo reitor, e as vicerreitoras de Extensión Cultural e Estudantes e Titulacións e Convergencia Europea.

O reitor contesta que estas charlas non se gravaron pero que se estudará a posibilidade de facelo coas seguintes que se programen.

O Sr. Puga refírese ao Centro de Linguas indicando que cumpre unha gran labor en relación ao aprendizaxe das linguas e pregunta se se vai facer algunha xestión sobre o recoñecemento oficial dos cursos en canto neste momento se obtén un diploma de asistencia e despois é necesario presentarse ao exame oficial. O vicerreitor resposta que se están facendo xestións para acreditar os cursos para que teñan validez externa e acreditar á Universidade para que o estudantado da nosa institución poida realizar os exames necesarios para desprazarse a determinados países que esixen un nivel lingüístico concreto nas nosas instalacións.

O Sr. Puga pregunta se este ano haberá convenio UNIPORTA para adquisición de ordenadores.

O Prof. Pereiro pregunta pola situación dos profesores que non se acreditaron pola ACSUG.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado contesta que haberá unha COAP a semana que ven para analizar toda a situación sobre o tema. Hai peticións de prórroga polo profesores que xa están acreditados e que rematará o día en que tomen efectivamente posesión. Se non obtiveron a acreditación, terá que aplicarse a transitoria do Regulamento de profesorado de 2005. Reitera que haberá unha COAP para analizar as distintas situacións na semana que ven.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:45 horas do día 26 de xaneiro de 2009 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor

